- Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos/as.
- Promover iniciativas no ámbto da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elexir aos seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos pola presente Lei (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro).
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendimento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Informar as normas de organización e funcionamento do centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se ateñan á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- Calesquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

## 13.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

13.1.- Equipos de ciclo.

- Colaboración na elaboración da Programación Xeral Anual.

13.2.- Proxecto Lector.

**PLAN ANUAL DE LECTURA**

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

**INTRODUCIÓN.**

Atenderase ao disposto na Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares.

Tendo en conta o Proxecto Lector de Centro, que foi aprobado polo claustro e consello escolar o 30 de xuño de 2009, e seguindo as instrucións remitidas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o equipo de biblioteca elabora un plan anual de lectura cunhas determinadas liñas de actuación que, no seguinte apartado, pasamos a detallar.

**LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.**

- **En relación coa organización e xestión:**
  - Organizar e elaborar o plan anual de lectura, así como a memoria anual.
  - Constituír o Equipo de Biblioteca Escolar.
  - Deseñar, organizar e realizar actividades que contribúan á dinamización da biblioteca do colexio.
  - Redactar e dar a coñecer as normas de uso da biblioteca a todos os usuarios, incidindo especialmente na importancia de manter a biblioteca ordenada.
  - Establecer as necesidades bibliográficas do centro e elaborar orzamentos para a adquisición de fondos: segundo as últimas instrucións recibidas, os centros establecerán unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar que debería oscilar entre o 5 e o 10% do orzamento do centro.
  - Analizar as necesidades bibliográficas e de equipamento.
  - Continuar co sistema de empréstitos a través do programa “Meiga”.
  - Xestionar e rexistrar en colaboración coas distintas titorías, os documentos emprestados ás Bibliotecas de Aula.
  - Valorar a organización e actividades de dinamización e fomento da lectura.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Catalogar, etiquetar e forrar libros que haxa actualmente na biblioteca máis os de nova adquisición.
- Promover como mecanismos para a difusión da información a páxina web do colexio.
- Establecer usos e horarios de apertura da biblioteca en tempo lectivo e non lectivo.

- **En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.**
  - Deseñar actividades que favorezan o uso e contribúan á dinamización e animación, e que posibiliten a participación directa ou indirecta do profesorado.
  - Organizar diferentes concursos para dinamizar a biblioteca.
- **En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na competencia dixital).**
  - Presentar e dar a coñecer a Biblioteca ao profesorado, alumnado e familias.
  - Comunicar ao profesorado todas as actividades propostas polo equipo de biblioteca.
  - Elaborar materiais diversos: carnés, diplomas, ...
  - Dar a coñecer o sistema de organización de materiais.
  - Informar sobre sistema de empréstito.
  - Elaborar carteis que indiquen a situación da Biblioteca no centro.
  - Posibilitar a visita á Biblioteca Pública do Concello.
  - Ensinar a utilizar material informático para a procura de información de forma autónoma.
  - Coñecer os distintos recursos dos que se dispoñen.
  - Coñecer as obras de referencia básicas.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Coñecer material non bibliográfico: prensa, internet, CD-ROM didácticos, DVD…

- **En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.**
  - Dedicar unha hora semanal, tal como se recolle no Proxecto Lector do centro. Estará dividida en tempos de 20 minutos diarios á semana.
  - Elaboración de materiais sobre libros lidos.
  - Celebrar actos conmemorativos en datas sinaladas.
  - Realizar exposicións na biblioteca dos traballos máis interesantes realizados polos alumnos.
  - Difundir as novidades adquiridas.
  - Posibilitar a visita de escritores/as.
  - Guías de lectura.
- **Outras actuación relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro.**
  - Programación Xeral Anual.
- **Criterios e procedementos de avaliación.**

Os criterios de avaliación refírense aos obxectivos mencionados anteriormente, e son:

- Conseguir que a Biblioteca forme parte da vida diaria do centro e usada para levar a cabo actividades integradoras.
- Utilizar a Biblioteca como un entorno de aprendizaxe máis no que se desenvolverán actividades das distintas áreas do currículo.
- Formar usuarios autónomos de bibliotecas.
- Desenvolver hábitos de traballo cooperativo tanto a nivel do profesorado coma do alumnado.

Procedementos:

- Observación directa do traballo desenvolto cada día.
- Elaboración dunha Memoria fin de curso.

**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA**

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

O equipo de dinamización da biblioteca para o curso 2023/2024 queda composto por:

D. Daniel Mato Neira (Coordinador)

Dna. Alba Díaz Fuentes

Dna. Ana María Gómez Muíño

D. Javier Iglesias Castrillón

Dna. Raquel Rodríguez Padín

Dna. Vanesa Romero Caramés

Dna. Beatriz Trasande Silva

**PLAN DE ACTIVIDADES**

As actividades que se pretenden levar a cabo dividiranse nos tres trimestres, e son as seguintes:

**PRIMEIRO TRIMESTRE**

- **Elaboración dos carnés para os novos usuarios**: daranse de baixa os carnés da biblioteca do alumnado que xa non está matriculado no colexio. Así mesmo, darase de alta ao novo alumnado.
- **Elaboración dunha guía de lectura polo Nadal (en colaboración co EDLG)**: entregaráselles aos alumnos e ás alumnas unha proposta de lectura con recomendacións de libros para leren durante as vacacións de Nadal.

**SEGUNDO TRIMESTRE**

- **Exposición de libros coa temática da "Paz":** co motivo da celebración do "Día Escolar da non Violencia e da Paz", antes do 30 de xaneiro de 2024, seleccionaranse diferentes libros da biblioteca centrados nesta temática e realizarase unha exposición dos mesmos.
- **Do 04 ao 08 de marzo de 2024 terá lugar a Semana da Prensa (en colaboración co EDLG e co EACE):** cada aula traballará sobre os xornais de forma dixital, facendo unha recompilación dos traballos realizados no centro para arquivar na biblioteca.

**TERCEIRO TRIMESTRE**

- **Entre o 22 e o 26 de abril de 2024: Semana do Libro:** se é posible recibiremos a visita dun ou máis autores durante esta semana ao colexio.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- **Do 13 ao 17 de maio de 2024 terá lugar a Semana das Letras Galegas (en colaboración co EDLG e co EACE):** realización dunha xincana, na cal as probas e preguntas se referirán á escritora Luísa Villalta, a quen se lle dedica as Letras Galegas do ano 2024.
- **Elaboración dunha guía de lectura para o verán**: entregaráselles aos alumnos e ás alumnas unha proposta de lectura con recomendacións de libros para leren durante as vacacións do verán.

Cabe destacar que estas actividades son unha orientación, xa que ao longo do curso iremos eliminando, cambiando ou ampliando algunhas dependendo da evolución do curso escolar.

13.3.- Plan de Introdución das TIC.

As tecnoloxías da información e a comunicación han de constituír unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e a formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e as nenas fan que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que os estudantes adquiran os coñecementos e as habilidades necesarios para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos ámbitos de aprendizaxe, familiares e de ocio.

O Equipo de Dinamización das TIC’s para o curso 2023/2024 estará integrado por:

D. Daniel Mato Neira (Coordinador)

Dna. Alba Díaz Fuentes

Dna. Ana María Gómez Muíño

D. Javier Iglesias Castrillón (Coordinador Plan Dixital-PFPP)

Dna. Raquel Rodríguez Padín

Dna. Vanesa Romero Caramés

Dna. Beatriz Trasande Silva

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

Pretendemos a partir deste curso ir desenvolvendo o Plan de Introdución das TIC que xa foi elaborado e debatido en cursos pasados, extractando agora do mesmo algúns obxectivos xerais que son fundamentais no proxecto:

- Concienciar á comunidade educativa da utilización das novas tecnoloxías en relación coa realidade social na que vivimos.
- Fomentar entre o profesorado e o alumnado o emprego da aula virtual como medio de ensino a distancia segundo á idade dos/as discentes.
- Valorar o emprego dos distintos recursos cos que conta o centro: aulas con ordenador, encerados dixitais, aula de informática, etc.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe logrando a súa integración real no mesmo.
- Recoller dos distintos equipos docentes información sobre que materiais didácticos lles serían de utilidade e elaboralos, na medida do posible, coas ferramentas que aportan as novas tecnoloxías.
- Manter actualizada a páxina web e as redes sociais (blog, facebook) coas que conta o centro.

Con estes obxectivos o que se pretende fundamentalmente é facilitar que o alumnado adquira a Competencia Dixital. Esta competencia inclúe utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e o modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral. Así mesmo, supón manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software e hardware que vaian xurdindo. Igualmente, permite aproveitar a información que proporcionan e analizala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo de colaboración, nas súas vertentes tanto sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con ámbitos físicos e sociais cada vez máis amplos, ademais de utilizalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e ocio previamente establecidos.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a participación activa de todo o equipo docente. Este plan implica un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofrecen.

O profesorado do centro ha de ter presentes, á hora de traballar cos alumnos nas TIC, o grao de competencias tecnolóxicas e intelectuais apropiado a cada idade e as características e necesidades concretas do seu alumnado. Cada equipo docente terá que decidir, de acordo co seu contexto concreto, a forma máis adecuada para ir internándose na utilización das distintas posibilidades que ofrecen as TIC.

13.4.- Plan de Potenciación da Lingua Galega.

O CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría está situado nun entorno rural do Concello de Dumbría. O alumnado do centro utiliza como lingua vehicular a lingua galega, polo que ademais de fomentar o seu uso, o noso obxectivo é mellorar a expresión oral, desterrar prexuízos e acadar unha meirande valoración da propia lingua.

O galego é a lingua ambiental, vehicular e de ensinanza no noso ámbito escolar xa que é a lingua materna predominante e polo tanto a lingua de expresión do noso alumnado.

O Proxecto Lingüístico do noso centro, elaborado segundo o disposto no Decreto 124/ 2007, e renovado na actualidade segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, reflicte as principais decisións e medidas que se levarán a cabo para acadar a mellor competencia lingüística na comunidade educativa.

O claustro do CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría procede no mes de setembro a constituír o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), que queda constituído polos seguintes membros:

D. Daniel Mato Neira (Coordinador)

Dna. Alba Díaz Fuentes

Dna. Ana María Gómez Muíño

D. Javier Iglesias Castrillón

Dna. Raquel Rodríguez Padín

Dna. Vanesa Romero Caramés

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

Dna. Beatriz Trasande Silva

Este Equipo celebrará as súas xuntanzas unha vez ao mes en horario de 13:50 a 14:50 horas nos meses de outubro a maio; en setembro e xuño, de 15.30 a 16.30 horas.

A programación a desenvolver este curso é a seguinte, se ben pode sufrir modificacións por calquera aportación ou suxestión que poida ter lugar no seo das xuntanzas:

- Colaboración co Equipo de Dinamización de TICs a fin de difundir o uso de aplicacións informáticas que favorezan o uso e a mellora do emprego da lingua galega.
- Participación e colaboración co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares na celebración dos distintos acontecementos para potenciar o uso do galego nos mesmos, aproveitando a ocasión para incidir nos aspectos culturais que definen a nosa identidade, como no festexo do Magosto, Samaín, Nadal e o Entroido.
- Participación e colaboración co Equipo de Biblioteca na celebración de diferentes eventos ou actividades co fin de conseguir unha mellora do emprego da lingua galega.
- Celebración das estacións do ano. Posibilidade de que en cada aula se poida festexar o cambio de estación elaborando murais, os cales poderán estar visibles para todo o noso alumnado.
- Difusión no centro dos recursos dispoñibles para o ensino-aprendizaxe da nosa lingua así como unha lista actualizada de recursos on-line proporcionados polo Gabinete de Normalización Lingüística.
- Actividades relacionadas coa celebración do Nadal, o 21 de decembro: cancións, poemas, panxoliñas, … Ademais, realizaremos un concurso de postais, as cales decorarán o centro esa semana.
- Elaboración dun tríptico, en colaboración co Equipo de Biblioteca, que será entregado ás familias incidindo na importancia que ten o feito de que animen á lectura aos seus fillos. Neste tríptico tamén se incluirán suxestións de lectura en galego segundo as idades do alumnado para que os pais e nais teñan unha

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

pequena orientación á hora de mercar libros aos seus fillos e ás súas fillas. Este tríptico realizarase na época do Nadal e no verán.

- O 30 de Xaneiro de 2024, Día da Paz, faremos propostas didácticas para traballar nas aulas.
- Na semana do Entroido aportarase información ás aulas e material didáctico sobre o Entroido para dar a coñecer ao noso alumnado a tradición en Galiza destas festas. Máscaras, disfraces, esmorgas, mecos, merdeiros, mandadiños … o alumnado coñecerá diferentes tradicións de diferentes sitios de Galiza.
- Facilitar ás aulas xornais en formato dixital no idioma galego durante a Semana da Prensa (do 04 ao 08 de marzo de 2024), en colaboración co Equipo de Biblioteca, para que os/as alumnos/as poidan traballar con eles.
- Festexo do Día das Letras Galegas: na semana do 13 ao 17 de maio celebraremos unha gymkana con probas relacionadas sobre os autores galardoados nas Letras Galegas e sobre as súas obras. Darémoslle unha mención importante a Luísa Villalta, autora a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2024, e faremos un repaso de outros anos.

  Todo o profesorado colaborará na realización das probas para o Día das Letras Galegas.

  A nivel aula, cada titor elaborará actividades didácticas sobre o autor do ano 2024.
- Realización dunha revista que se editará a finais de curso cos distintos acontecementos e actividades que se celebren durante o curso, en formato DIN A4 e en color, a cal recollerá aportacións de todos os grupos de alumnado do centro.
- Colaboración activa nas actividades propostas polo Concello para a dinamización da lingua galega.

A finais de curso valorarase a efectividade das actividades propostas e a consecución dos obxectivos, de cara a facer as modificacións necesarias e recolleranse as conclusións na memoria final de curso

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

13.5.-Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.

O claustro do CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría procede no mes de setembro a constituír o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE), que queda constituído polos seguintes membros:

D. Daniel Mato Neira (Coordinador)

Dna. Alba Díaz Fuentes

Dna. Ana María Gómez Muíño

D. Javier Iglesias Castrillón

Dna. Raquel Rodríguez Padín

Dna. Vanesa Romero Caramés

Dna. Beatriz Trasande Silva

Este Equipo celebrará as súas xuntanzas unha vez ao mes en horario de 13:50 a 14:50 horas.

13.5.1.-Conmemoracións.

13.5.1.1.- A nivel de centro

As actividades a realizar concrétanse nas reunións que se celebren ao longo do curso, e tenderán a salientar a importancia das referidas conmemoracións. Seguirase o disposto na Orde do 03 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 e concretamente, o Anexo I (Conmemoracións).

13.5.1.2.- A nivel de aula.

Ao igual que acontece coas conmemoración a nivel de centro, este tipo de actividades concretaranse nas reunións que se celebren ao longo do curso. Seguirase o disposto na Orde do 03 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 e concretamente, o Anexo I (Conmemoracións).

13.5.2.- Visitas.

As visitas a realizar este curso concretaranse nas diferentes reunións deste equipo que terán lugar cada mes.

13.5.3.- Biblioteca.

A biblioteca atópase na planta alta. Continuarase co  rexistro dos

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

libros e catalogación de distinto material mediante o programa Meiga. Encargarase do funcionamento da biblioteca D. Daniel Mato Neira. Os compoñentes do Proxecto Lector contribuirán tamén a súa dinamización.

13.5.4.- Plan Proxecta 2023-24.

Actualmente o noso centro está pendente da Resolución pertinente do Plan Proxecta que determina cales serán os centros que teñan admitida a súa participación nos seus proxectos presentados. No noso caso, presentamos un proxecto, na modalidade de Vida activa e participativa-Xogade e outro en MeteoEscolas.

13.6.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA ANPA "15 DE MAIO".

As actividades propostas para o presente curso son:

- Realización de diferentes tipos de actividades ao longo do curso que se irán concretando nas diferentes reunións que se vaian celebrando.

Calquera dúbida das familias poderán contactar no centro.

13.7. AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS.

13.7.1.- Accións de mellora derivadas da análise de resultados das avaliacións individualizadas.

Segundo a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no seu artigo 21, no cuarto curso de educación primaria realizarase unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polo alumnado. Esta avaliación, que será responsabilidade das Administracións educativas, terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias e para o conxunto da comunidade educativa.

No centro realízanse as correspondentes probas de avaliación do alumnado. A partir dos resultados obtidos nas mesmas, estableceranse as pertinentes accións de mellora (medidas de reforzo) por parte do mestre/a responsable, coa colaboración, se é preciso, do Departamento de Orientación.

13.7.2.- Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resultados.

Esta guía tería que ser o punto de partida na análise de resultados acadados polo alumnado. A continuación, realizaríase un diagnóstico da

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

situación que reflicta tanto o positivo como o negativo, en cada unha das competencias, para así establecer, en cada caso, a intervención máis axeitada para a mellora de cada alumno/a.

## 14. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

14.1.- Departamento de orientación.

Os Departamentos de Orientación constitúen o espazo institucional dende o que se artellan as funcións de orientación e titoría cumprindo a importante misión de aproximar e organizar as labores de orientación no contorno máis inmediato do alumnado.

Esta Xefatura de Departamento entende e pretende ter presente que a orientación é o instrumento fundamental para conseguir o axuste pedagóxico entre os procesos de ensino e de aprendizaxe pois constitúe un proceso sistemático e continuo de axuda ao individuo, no que poden participar todos os elementos da comunidade educativa.

Ademais de traballar nesta dirección, este Departamento de Orientación estará aberto ás iniciativas da comunidade educativa, procurando dar resposta axustada ás demandas que se lle presenten.

O Departamento de Orientación do CEIP "Santa Eulalia" de Dumbría creouse no curso escolar 2007/08, sendo entón un Departamento de Orientación que se entendía compartido entre os dous centros que atende a mesma orientadora pero a súa composición viuse modificada nos últimos cursos académicos deixando de ser compartido xa que o CEIP "Santa Eulalia" de Dumbría conta na actualidade con menos de 6 unidades, o que motiva que pase a ser centro adscrito ao Departamento de Orientación do CEIP "Praia de Quenxe", centro no que se desenvolverán as xuntanzas do Departamento con todos os seus membros.

Ao mesmo tempo e coa recente entrada en vigor da LOMLOE a Educación Primaria volve a estar organizada en ciclos polo que os coordinadores e as coordinadoras dos mesmos do CEIP de Corcubión pasarán a ser membros do

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

Departamento de Orientación e serán convocados e convocadas, por tanto, ás xuntanzas que se celebren.

Tales xuntanzas terán periocidade mensual e celebraranse na tarde dos luns. Non obstante, a Xefa de Departamento, e as Mestras especialistas en Audición e Linguaxe e en Pedagoxía Terapéutica do CEIP "Santa Eulalia" de Dumbría procurarán realizar tamén unha xuntanza semanal neste centro para un mellor seguimento do alumnado atendido.

Así pois, no presente curso 2023/24, o Departamento de Orientación do CEIP "Praia de Quenxe" no que se integra o CEIP "Santa Eulalia" de Dumbría como centro adscrito, vai estar composto por:

- Luisa Fernanda Alvar Vázquez, mestra especialista en Audición e Linguaxe do CEIP "Praia de Quenxe" de Corcubión e que é, a un tempo, Coordinadora de Educación Infantil do mencionado centro.
- Guillermina Fernández Caamaño, mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica do CEIP "Praia de Quenxe" de Corcubión e que se ocupará da Aula de EE habilitada neste curso no noso centro, e que é, a un tempo, Coordinadora de 1º ciclo de Educación Primaria.
- Mª Manuela Pena Caamaño, mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica do CEIP "Praia de Quenxe" de Corcubión quen, a un tempo, é Coordinadora de 2º ciclo de Educación Primaria do CEIP "Praia de Quenxe" de Corcubión.
- D. Marcos Gómez Pérez, como coordinador de 3º ciclo de Educación Primaria do CEIP "Praia de Quenxe" de Corcubión.
- D. Daniel Mato Neira como representante do centro adscrito, o CEIP "Santa Eulalia" de Dumbría.
- Rosario Vázquez Freire, exercendo as funcións da Xefatura do Departamento.

Ademais deste profesorado contaremos este curso cos seguintes recursos humanos no CEIP "Santa Eulalia" de Dumbría:

- Ángela Pérez Fernández, como mestra de PT itinerante e que ten como centro base o CEIP de San Cosme de Antes (Mazaricos).

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

A orientadora realizará tamén o seu traballo no CEIP "Praia de Quenxe" de Corcubión, que é o seu centro base e acudirá ao CEIP de Dumbría nas mañás de martes e mércores.

Temos que lamentar que a administración tennos recortado os recursos humanos cos que contabamos pois no curso pasado a especialista en Audición e Linguaxe exercía o seu traballo a tempo completo en cada un dos centros atendidos por este Departamento de Orientación pero neste curso unha única profesional debe dar atención educativa a ambos centros resultando insuficiente para responder ás necesidades existentes no noso alumnado polo que, en xeral, o número de sesións recibidas por unha parte do alumnado a atender é inferior ao que a Xefatura de Departamento estima idóneo e outra parte do alumnado directamente non pode recibir atención desta especialidade.

De xeito similar, contamos no CEIP "Santa Eulalia" de Dumbría cun horario unicamente parcial de atención educativa por parte da especialista en Pedagoxía Terapéutica, o que resulta igualmente insuficiente para atender convenientemente ao noso alumnado, tanto ao que presenta NEAE como para realizar a necesaria atención á diversidade.

Noutra orde de cousas, mencionar que o CEIP "Santa Eulalia" de Dumbría está adscrito ao I.E.S. "Agra de Raíces" de Cee, polo que a orientadora participará nas xuntanzas no caso de ser convocada pola Xefatura de Departamento de Orientación do IES mencionado.

É preciso poñer de manifesto, dado que a Xefatura de Departamento conta entre as súas funcións, segundo a normativa vixente, coa de "coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación", que o Departamento de Orientación precisa aumentar o material para a docencia de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, así como de material en xeral referido á orientación.

LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN.

No referido ás liñas xerais de actuación do noso Departamento de Orientación, estarán fundamentadas nos seguintes postulados:

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 📄 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- ✓ Non hai alumnado irrecuperable, todos e todas poden progresar se teñen unha atención adecuada. Hai que evitar o "etiquetar" e o rebaixar expectativas sobre o que son capaces de facer os nenos e as nenas.
- ✓ O progreso na aprendizaxe non depende tanto de capacidades innatas predeterminadas, senón da calidade e cantidade das aprendizaxes realizadas.
- ✓ A aprendizaxe é basicamente un resultado da interacción social. Depende, en gran medida, das relacións interpersoais e do clima afectivo. Por iso é moi importante o planteamento e seguimento de aspectos non só académicos, senón tamén persoais, relacionais e afectivos. A aprendizaxe non se circunscribe ao académico, senón que se integra no desenvolvemento cognitivo, social, afectivo e corporal.

<u>CRITERIOS</u>.

Tendo presente o anteriormente exposto, os criterios que se seguen á hora do deseño da atención ao alumnado ao que se presta reforzo educativo, son os seguintes:

1. Atender a aquel alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
2. Atender ao alumnado obxecto dunha Adaptación curricular individual( ACI).
3. Ter en consideración, na medida do posible, as previsións de necesidades que se fixeron ao remate do curso 2022/23
4. Dar cabida, sempre que exista disponibilidade horaria por parte das especialistas en AL e PT, ás novas solicitudes de intervención que vaian chegando ao Departamento de Orientación.
5. Sempre foi intención deste Departamento de Orientación deseñar intervencións educativas de reforzo educativo dentro da aula ordinaria do alumnado obxecto deste tipo de atención educativa, atendendo ao disposto na normativa vixente, agás que existan casos que necesiten unha terapia individual moi específica, e en aras de ofrecer unha atención educativa sempre normalizadora e integradora, se ben as circunstancias sanitarias de pandemia fan que este curso académico optemos por ofrecer as intervencións nas aulas específicas de apoio educativo na procura de que se poda manter a estabilidade dos grupos-burbulla de alumnado.
6. Buscar un apoio de calidade fronte a un de cantidade.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

ACTUACIÓNS.

- Xuntanzas mensuais do DO.
- Xuntanzas semanais coa AL e PT, para realizar o seguimento do alumnado con necesidades educativas.
- Xuntanzas cos titores e titoras do alumnado atendido.
- Asesoramento á comunidade educativa.
- Asesoramento na realización e seguimento das ACS.
- Realización de avaliacións psicopedagóxicas ao alumnado que o precise.
- Estudo de documentación relativa ao alumnado.
- Deseño da resposta educativa do Departamento ao alumnado que precise recibir apoio educativo.
- Observación e seguimento do alumnado atendido.
- Elaboración e presentación de solicitudes de intervención do EOE provincial, de ser preciso.
- Posta en práctica de actuacións promotoras da convivencia.
- Elaboración de materiais específicos e necesarios para o alumnado con NEAE.
- Selección de recursos e deseño de actividades para ampliar a oferta da nosa Aula Virtual.
- Proposta de adquisición de material do DO.
- Cooperación cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Participación nas xuntanzas das que recibamos convocatoria nos IES ao que se está adscrito.
- Realización de entrevistas persoais coas familias.
- Comunicación e coordinación das actuacións dos centros externos que prestan atención educativa e/ou sociosanitaria ao noso alumnado.
- Recepción, estudo e colaboración de actividades propostas dende axentes externos ao centro.
- Ser canle de transmisión de información entre o centro e as familias.
- Colaboración na organización de actividades interdisciplinares.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

14.2. Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Pendente de aprobación polo Departamento de Orientación.

14.3.- Pedagoxía terapéutica.

**XUSTIFICACIÓN**

A realidade do noso centro lévanos a planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ao alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Este alumnado é o que require dunha atención educativa diferente a ordinaria por posuir NEE, retraso madurativo, por trastorno do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastorno de atención e aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, que será levada a cabo de xeito multidisciplinar. Para dar resposta a esta diversidade empregaramos os principios de Normalización e Inclusión, que son os que fan posibles unha educación Integrada. Para levalo a cabo, fundamentarémonos na lexislación vixente, nos diferentes documentos do centro e nas programacións de aula e realizaremos as modificacións que sexan necesarias, naqueles casos que o precisen, a través dos diferentes niveis de concreción curricular.

Como mestra de Pedagoxía Terapéutica os principais retos que propoño son:

- Dar respostas específicas ás necesidades do alumnado.
- Planificar respostas educativas diversificadas.
- Establecer canles de información e colaboración cos membros do DO, mestres especialistas e mestres titores.
- Fomentar a participación dos pais, nais e/ou titores e implicados no proceso educativo dos seus fillos.
- Colaborar e manter relacións con entidades e institucións externas ao centro que participan na formación integral do alumnado.
- Elaborar e buscar materiais curriculares e didácticos adaptados as necesidades dos alumnos.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

## ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA

Neste curso escolar, 2023/2024, unha vez reunido o Departamento de Orientación ao comezo do curso, e seguindo as directrices do Plan de Orientación, a miña intervención como mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica centrarase nos alumnos e alumnas que presenten NEAE, e será levada a cabo os luns, mércores e dúas horas o venres, debido a itinerancia co meu centro base (CEIP Victor Sáenz).

A continuación aparece a relación do alumnado que, ao longo deste curso escolar 2023/2024, será atendido pola mestra de PT tendo en conta que, en función das necesidades do centro, poidan variar:

| CURSO | ALUMNADO | NEAE | S | APOIO |
|---|---|---|---|---|
| 6ºEI | 1 | Retraso na adquisición da fala | 2 | AA |
| 4ºEP | 3 | NEE<br>Dificultades de Aprendizaxe | 4 | AO |
| 6ºEP | 3 | NEE<br>Dificultades de Aprendizaxe | 5 | AA<br>AO |

## OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental parte da adecuación do proceso de ensinanza-aprendizaxe aos diferentes niveis e ritmos de aprendizaxe do noso alumnado, para logralo aposto pola utilización de métodos diversos, recursos motivadores e variados e un proceso de avaliación baseado no progreso que cada alumno realiza respecto do seu nivel inicial e personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe sempre prestando axudas dirixidas a compensar desigualdades.

**Obxectivos xerais:**

- Mellorar os procesos psicolóxicos básicos: atención, percepción, memoria e razoamento.
- Estimular e mellorar os procesos comunicativos.
- Afianzar os procesos lectoescritores.
- Fomentar o gusto pola lectura así como mellorar a comprensión lectora.
- Desenvolver a expresión escrita.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Adquirir conceptos básicos relacionados coas matemáticas.
- Facilitar o desenvolvemento de técnicas, estratexias e recursos favorecedores dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Mellorar a autonomía persoal.
- Fomentar unha autoestima e autoconcepto axeitado.
- Favorecer a aceptación das normas.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes de diálogo e colaboración.
- Colaborar co Departamento do Orientación do centro.
- Colaborar co profesorado na procura, elaboración, creación e adaptación de diferentes recursos e materiais didácticos.
- Establecer unha coordinación estreita cos demais mestres e coas familias.
- Colaborar con outras institucións ou organismos externos ao centro.
- Perseguir a integración do alumnado no seu grupo e na dinámica do centro.

## ACCIÓNS PRIORITARIAS

Unha vez establecidos os obxectivos, as miñas accións prioritarias para acadalos serán as seguintes:

**Respecto ao centro**

- Colaboración co Orientador e titores nas avaliacións iniciais e psicopedagóxicas.
- Colaboración co DO na organización de sesións e recursos materiais e metodolóxicos.
- Reunións entre o equipo docente que interveñen cos alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, para que todos coñezan as características dos alumnos/as, así como o proceso educativo que se está levando a cabo con eles. Estas reunións terán como finalidade o establecemento de pautas educativas comúns e participar nos axustes necesarios nas programacións de aula.
- Participación na organización de actividades relacionadas con celebracións.
- Elaboración e adaptación de material.

**Respecto ao contexto**

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Reunións e entrevistas coas familias dos alumnos/as, coa finalidade de obter información o máis precisa posible sobre o alumno/a e unificar criterios educativos que favorezan ao alumno/a no seu desenvolvemento persoal e académico que permita a continuidade educativa no fogar e na escola co fin de optimizar resultados. Estas entrevistas deben estar perfectamente planificadas e estruturadas e nelas é imprescindible a participación dos distintos profesionais que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe do alumno/a: titor/a, PT, AL, orientador e mestres/as especialistas se fose preciso.

**Respecto ao alumnado**

- Revisión dos informes de cursos anteriores e dos expedientes dos alumnos/as.
- Organización de actividades para as diferentes celebracións.

**CONTIDOS**

- Atención, percepción, memoria e razoamento.
- Nocións espaciais e temporais básicas.
- Corpo humano.
- A psicomotricidade.
- Os aspectos preverbais.
- A comunicación.
- Estrutura básica da lingua.
- Vocabulario.
- Lectura e comprensión lectora.
- Expresión escrita.
- A numeración.
- Operacións matemáticas básicas.
- Problemas matemáticos relacionados coa vida diaria.
- Gráficas e táboas de datos.
- Reloxo.
- Moedas e billetes de euro.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Unidades principais de medida, sistema métrico…
- Autoestima, autoconcepto e autonomía persoal.
- Normas de convivencia.
- Hábitos, técnicas e estratexias de estudo.
- Inclusión e socialización.
- Intercambio de información periódica coa familia e os diferentes profesionais que traballen có alumnado.

A relación dos obxectivos e contidos a traballar con aqueles nenos que teñen Adaptación Curricular xa veñen prefixados neste documento e traballaranse en coordinación con todos os demais profesionais implicados no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**COMPETENCIAS CLAVE**

Partindo das necesidades específicas de cada alumno co que intervimos, tendo en conta cada un dos obxectivos propostos e os contidos empregados, intentase acadar as sete competencias clave, priorizando a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Matemática, serán avaliadas a través dos estándares de aprendizaxe fixados para cada un dos criterios de avaliación.

**METODOLOXIA**

Debido a diversidade de necesidades educativas que presenta o alumnado do centro, non se empregará un único método de ensinanza, procurando dar resposta aos distintos ritmos, intereses e capacidades de cada alumno, mediante a motivación, promovendo a adquisición de aprendizaxes significativos. Todo iso levarase a cabo ofrecendo sempre ao alumnado un ambiente de seguridade e confianza.

De maneira xeral levaranse a cabo os principios metodolóxicos (Jacques Delors) "aprender a saber", "aprender a facer", "aprender a ser" e "aprender a convivir".

A metodoloxía basearase nos seguintes principios de intervención:

- Partir do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento do alumnado.
- Fomentar as aprendizaxes significativas.
- Garantir a funcionalidade das aprendizaxes.
- Organizar os contidos mediante un enfoque globalizador.
- Fomentar a actividade mental do alumnado.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Potenciar a interacción entre o alumnado.
- Considerar o xogo como un recurso axeitado.
- Manter informada e implicar as familias.
- Manter unha estreita colaboración cos mestres e mestras do centro e en especial co DO.

**RECURSOS**

**Recursos persoais**

- Internos: titores/as e mestres especialistas de áreas. Estes profesionais poderán contar co apoio e asesoramento da orientadora e do profesorado de apoio de PT e AL. Cabe destacar que tanto a PT como a AL traballan de forma coordinada, sobre todo nos casos en que ambos profesionais teñan que intervir e sempre baixo as directrices do DO.
- Externos: Equipos de Atención Temperá, Centro de Formación e Recursos (CFR), Servizos privados: psicólogos, logopedas, etc..

**Recursos materiais**

Os recursos materiais deben axustarse ao nivel de desenvolvemento de cada neno/a, ser variados e motivadores e estarán ao alcance do alumno/a. Para a práctica docente, empregaremos os recursos dos que dispoñen as aulas ordinarias, o centro e as aulas de PT e AL.

A distribución do espazo das nosas aulas ofrece flexibilidade e a posibilidade de realizar traballos individuais ou en grupo, actividades formais e informais, sentados ou de mobilidade. As aulas conta cunha serie de recursos necesarios para a práctica docente da educación especial como son un espello para traballar o esquema corporal ou adquirir hábitos posturais, unha pizarra, un corcho grande no que se poderán colocar traballos realizados polos alumnos/as e todo o que se considere necesario que permaneza á vista dos alumnos/as (cadros-resume, esquemas, normas, etc.). Tamén contamos con xogos e puzzles didácticos, bibliotecas de aula con contos infantís e dicionarios e ordenadores con conexión a internet.

Ademais dos distintos espazos do centro como un recurso material, teremos en conta á hora de traballar cos nosos alumnos/as os seguintes puntos:

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Aproveitamento e adaptación de recursos ordinarios: elementos do entorno, material de reciclado, instrumentos musicais, etc..
- Material para o desenvolvemento lóxico-matemático: ábacos, caixa aritmética, regletas, dominós, etc..
- Material para a lectoescritura: lotos, alfabetos, letras móbiles, contos, etc..
- Emprego de imaxes, fotografías, etc..
- Uso de materiais audiovisuais e novas tecnoloxías (ordenador, internet, CD, radio, etc.).
- Fichas e material elaborado polas mestras de PT e AL.
- Materiais curriculares adaptados ó nivel de cada alumno/a.
- Materiais elaborados: pictogramas, axendas de comunicación, paneis, ocas, dominós, contos adaptados, material segundo o método Teachh.
- Materiais informáticos: ordenador, tableta, impresora, programas informáticos, CD...
- Materiais para a formación do profesorado: internet e bibliografía.
- Material funxible: plastilina, pasta blanda, pinturas, papel e cartulinas de cores, etc..

**Recursos Organizativos**

A organización do meu traballo seguirá os seguintes pasos:

1º TRIMESTRE

- Revisar os documentos do centro: P.E., concrecións curriculares, P.A.D., P.A.T., memorias…
- Revisión do alumnado con NEAE e análise dos documentos que constan no seu expediente: informe psicopedagóxico e outros, A.C.I.…
- Reunións cos/as titores/as e mestres/as de ese alumnado.
- Participar nas avaliacións iniciais e nas avaliacións psicopedagóxicas oportunas.
- Organización da atención ao alumnado con NEAE en base ás medidas adoptadas no seu informe.
- Colaborar na realización das A.C.I.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Elaborar a miña programación, elaborando as principais liñas de actuación e horarios.
- Organizar a aula de apoio e os recursos, demandando e elaborando novos, si é preciso.
- Participar nas reunións do D.O, mestres/as titores/as, C.C.P, e outros especialistas... para coordinarnos e establecer as liñas a seguir con este alumnado.
- Establecer reunións coas familias.
- Colaborar no Plan de Orientación.
- Comezar a intervir con cada un dos/as alumnos/as con necesidades.
- Realizar a avaliación continua e seguimento. Participar nas sesións de avaliación.
- Deseñar e elixir instrumentos, técnicas e rexistros de avaliación.

2º TRIMESTRE

- Realizar as modificacións oportunas na intervención do alumnado con NEAE; en relación aos obxectivos, aos materiais, as estratexias metodolóxicas… en función dos resultados do seguimento e avaliación. Reorganizar os apoios si é preciso.
- Seguir coa implantación das medidas, da miña programación e intervención de cada alumno.
- Seguir realizando reunións periódicas.
- Avaliación continua e seguimento.
- Participar nas sesións de avaliación, deseñando e elixindo instrumentos, técnicas e rexistros de avaliación.

3º TRIMESTRE

- Realizar as modificacións oportunas na intervención do alumnado con NEAE (obxectivos, materiais, estratexias metodolóxicas…) en función dos resultados do seguimento e avaliación.
- Reorganizar os apoios si é preciso.
- Seguir coa implantación das medidas, da miña programación e programas de intervención de cada un dos alumnos.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Seguir realizando reunións periódicas.
- Realizar a avaliación continua e seguimento.
- Deseñar e elixir instrumentos, técnicas e rexistros de avaliación.
- Participar nas sesións de avaliación, decisións de promoción e ditames de escolarización.
- Elaborar informes finais dos/as alumnos/as e as memorias, establecendo propostas de mellora.

Os criterios de organización para a intervención da PT, baixo as pautas do DO, deben ser coñecidos por todos. Estos criterios son:

- Procurar, sempre na medida do posible, realizar os apoios dentro da aula ordinaria.
- As agrupacións faranse en función das necesidades.
- Procurar non sacar aos alumnos/as con AC nas diferentes especialidades.
- Dar preferencia á atención de alumnos/as con necesidades educativas permanentes e con Adaptacións Curriculares
- Dar preferencia aos alumnos/as dos primeiros niveis que presenten dificultades nas áreas instrumentais básicas.
- Coordinarse cos titores/as e cos profesores/as de área á hora de planificar e organizar o traballo cos alumnos/as. Esto implica coñecer os seus horarios.
- Coordinación máis específica co especialista de AL nos casos de alumnos/as comúns.
- Dar prioridade ás materias instrumentais frente a outras.
- Contar coa colaboración e a participación das familias en algunhas actividades.
- Establecer un tempo para a preparación de material e ter en conta unha hora para asistir ás reunións do DO.

Organización espazo temporal

A nosa intervención como PT, levarase a cabo preferentemente dentro da aula ordinaria. Non obstante, en certos casos nos que o apoio interno non resulte efectivo optarase polo apoio externo, na aula de apoio.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

No caso de prestar o apoio fóra da aula ordinaria, os alumnos agruparanse preferentemente segundo o seu nivel de competencia curricular, en grupos, ou individualmente se as súas circunstancias o requiren.

Os apoios serán flexibles para poder cambialos ou modificalos en función das necesidades. Manteremos unha relación de colaboración e coordinación cos titores dos alumnos atendidos. Tendo isto en conta, levaremos a cabo unha reunión no DO cada quince días, para establecer a colaboración coas especialistas de AL e de PT e recibir asesoramento do Departamento.

En función de todo isto o noso horario queda establecido da seguinte maneira:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 10:00-10:50 | | | AO 4ºEP | | AO 4ºEP |
| 10:50-11:40 | AO 6º EP | | AA 6º EI | | AA 6º EP<br>AA 6º EI |
| 11:40-12:10 | RECREO | | RECREO | | |
| 12:10-12.30 | HORA DE LER | | HORA DE LER | | |
| 12:30-13:20 | AO 6ºEP | | AA 6º EP | | |
| 14:50-15:40 | AO 4ºEP | | AO 4º EP | | |
| 15:40-16:30 | AA 6ºEI | | AO 6ºEP | | |

**AVALIACIÓN**

A avaliación será un proceso global e formativo constituíndo un proceso continuo onde se achegará unha información valiosa.

A avaliación inicial axudará a coñecer o punto de partida do alumnado: capacidades adquiridas, dificultades que presentan, etc. En base a ela decidirase a

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

mellor proposta de atención, o número e tipo de sesións de traballo así como a elaboración dun plan de intervención individual.

Coa avaliación formativa e continua comprobaremos a evolución do alumnado, a detección de novas necesidades grupais ou individuais, así como a efectividade do programa en relación cos obxectivos establecidos.

A avaliación final informará do grao de adquisición dos obxectivos previstos así como a detección de deficiencias no mesmo. Nun informe final individual, recolleremos os obxectivos acadados polo alumno, así como as conclusións e a análise do apoio que recibiu o neno. Este informe final, permitirá establecer o punto de partida no vindeiro curso. Así mesmo elaboraremos unha memoria da aula de PT na que reflexaremos o traballo realizado durante o curso escolar, os puntos fortes e as propostas de mellora para o vindeiro curso escolar.

A avaliación do alumnado realizarase conxuntamente cos mestres titores e especialistas, tendo en conta o traballo levado a cabo na aula de apoio e na aula ordinaria.

Criterios de avaliación do alumnado con NEAE

O alumnado con NEAE con Reforzo Educativo será avaliado tendo en conta os criterios de avaliación recollidos na programación de aula.

Na avaliación do alumnado con NEE que conta con ACI, os criterios de avaliación establecidos nesta serán o referente fundamental tanto para a súa avaliación como promoción.

As técnicas que utilizaremos na avaliación serán:

- Follas de rexistro diario de cada alumno/a onde se recollerán os obxectivos traballados, as actividades realizadas, tempos, dificultades e logros.
- Observación directa e sistemática, aínda que tamén se empregarán outros instrumentos (tarefas, probas estandarizadas, etc.), información de profesores/as e pais/nais.
- Entrevistas as familias e titor/a do neno.
- Informes para o DO e para os titores sobre a evolución do alumno/a e dos obxectivos acadados.
- Emprego da rúbrica.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

Periodicamente informarase ás familias da evolución do alumno/a.

**PROPOSTAS DE MELLORA**

- Optimización dos recursos materiais e persoais do centro.
- Solicitar ao CAFI cursos sobre o tratamento das NEAE dentro da aula.
- Poder contar cunha especialista en PT a tempo completo para desenvolver de xeito máis óptimo as nosas funcións.

14.4.- Audición e linguaxe.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, cita no preámbulo a atención á diversidade como "principio fundamental que debe rexer no ensino básico", recollendo no seu Título II " Equidade en educación", a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE). Este concepto foi reformulado pola Orde do 8 de setembro do 2021, cuxa atención debe concibirse baixo os principios de normalización e inclusión; o que implica ofrecer a todos/as as mellores condicións e oportunidades.

O Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade e a Orde do 8 de setembro do 2021 definen a atención á diversidade como "o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Dentro destas medidas contémplanse o apoio por parte do mestre especialista en Audición e Linguaxe, tendo en conta as funcións recollidas no artigo 84 do Decreto 374/1996 do 17 de Outubro.

O traballo de Audición e Linguaxe centrarase na atención ao alumnado que presente dificultades comunicativas, tendo como obxectivo principal proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades.

Así, a programación de AL pretende ser un instrumento para garantir os principios de normalización, inclusión, equidade e igualdade de oportunidades.

Neste inicio de curso teñen atención en AL un total de 9 alumnos/as entre educación infantil e primaria, sendo esta cifra un número flexible xa que poden darse altas/baixas durante o curso.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

## Obxectivos xerais:

- Colaborar no proceso de identificación das dificultades relacionadas coa linguaxe e a comunicación, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Deseñar propostas educativas adaptadas ás necesidades, contemplando a flexibilización de espazos e tempos para garantir unha atención máis personalizada
- Intervir co alumnado que presenta algún tipo de dificultade na linguaxe oral ou na comunicación, proporcionando unha atención individualizada ao alumnado en función das súas necesidades.
- Colaborar coa mestra de PT para elaborar actividades que se leven a cabo co alumnado común.
- Apoiar a actuación do profesorado prestándolle recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas para a atención ás dificultades relacionadas coa linguaxe.
- Colaborar na elaboración de adaptacións curriculares significativas.
- Dinamizar a integración dos alumnos e das alumnas con NEAE, facéndoos partícipes das diferentes actividades que se desenvolven na aula e no centro.
- Elaborar e adquirir materiais didácticos que fomenten e favorezan o desenvolvemento das capacidades lingüísticas.
- Colaborar cos diferentes axentes externos que atendan ós alumnos como Servizos de Atención Temperá, ASPANAES e outros especialistas (logopedas privados, psicólogos…)
- Colaborar coas familias asesorando sobre medidas compensatorias que poden levar a cabo no fogar así como implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as se fose o caso.
- Realizar un seguimento do alumnado co que se intervén.

## Estratexias metodolóxicas:

As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo co alumnado con NEAE, e que parten do principio de individualización, especifícanse a continuación:

➢ Crear un clima de confianza

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

- Partir dos coñecementos previos e potencialidades de cada alumno/a
- Secuenciación das aprendizaxes propostas
- Actividades curtas, para evitar a fatiga, e con dificultade crecente
- Priorizar aquelas aprendizaxes que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión por parte dos alumnos/as, así como as funcionais para a vida
- Utilizar as estratexias con forte motivación intrínseca, xunto con abundantes e variados reforzos
- Empregar, na medida do posible, as situación de xogo como estimuladoras da aprendizaxe
- Identificar, seleccionar e recoñecer as fontes e os recursos máis apropiados (as TICs como recurso de aprendizaxe)
- Manter unha actitude positiva, valorando sempre os progresos
- Adaptar a metodoloxía ao nivel de desenvolvemento e ás necesidades
- Conectaranse, na medida do posible, as aprendizaxes na aula de AL coas da aula ordinaria.
- Manterase unha comunicación continua coas titoras, membros do Departamento de Orientación e mestra de PT especialmente nos casos de alumnas ou alumnos atendidos conxuntamente.
- Procurase a coordinación e colaboración co titor@s e profesorado que atende ó alumnado con necesidades ; do mesmo xeito que cos diferentes axentes externos.
- Favorecerase o uso de material multisensorial, así coma as diferentes estratexias metodolóxicas axeitadas ó alumnado e ás súas necesidades, tal como se recomendan nos diferentes Protocolos de Atención Educativa da Xunta de Galicia.

Horario:

O horario de AL para este curso 2023/2024, será o seguinte, sendo flexible a posibles modificacións durante o curso escolar en función das necesidades do alumnado:

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 1ª sesión | | L.L.S (6º)<br>V.M.M. (6º) | A.S.A (4º)<br>C.S.A (4º) | N.R.L(6ºEP)<br>L.I.C (6º EI) | |
| 2ª sesión | | L.I.C (6º EI) | I.F.S.(1º)/<br>L.T.M.(2º)<br>L.I.C (6º EI) | A.S.A (4º)<br>C.S.A (4º) | |
| 3ª sesión | | I.F.S.(1º)/<br>L.T.M.(2º)<br>H.S.S.(4º) | N.R.L(6ºEP) | | |
| 4ª sesión | | N.R.L(6ºEP) | | | |
| 5ª sesión | | A.S.A (4º)<br>C.S.A (4º) | | | |

Programas de intervención:

No presente curso as dificultades atopadas ata o momento son as seguintes, atendendo ó feito que por disponibilidade horaria ó ser AL compartida non se puido atender á todo o alumnado con necesidades do centro:

- Un neno en 6º de Educación Infantil( en proceso de flexibilización) con atraso na adquisición da fala.
- Un neno en 1º en EP con disfonía.
- Un neno en 2º en E.P con disfonía.
- Dous nen@s en 4º de E.P con discapacidade auditiva
- Un neno en 4º de E.P con dificultades da aprendizaxe
- Unha nena de 6º de primaria con S. Down
- Dous nenos en 6º de primaria con dificultades de aprendizaxe

**Recursos:**

Material de sopro, atención e discriminación auditiva, lotos fonéticos, lotos de imaxes, contos, contos con pictogramas, quebracabezas, dominós de imaxes, recursos de internet, actividades para o ordenador, Tablet, material elaborado pola AL. En xeral calquera tipo de material dispoñible no centro que serva para favorecer e potenciar a comunicación.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

## Avaliación:

A avaliación no ámbito de AL será individualizada, continua e integradora, tendo en conta o nivel de desenvolvemento do alumnado.

A avaliación non só se levará a cabo na aula de AL, senón que se terá en conta a información transmitida polo titor/a e especialistas que traballen co alumno/a.

Ao comezo do curso realizarei unha **avaliación inicial**, co fin de coñecer de forma máis concreta as dificultades que presenta o alumnado. Unha vez realizada dita avaliación, concretaranse os obxectivos a traballar. Pero, ademais, ao longo do curso, irei avaliando ao alumnado (observación, coordinación co profesorado,...), sobre todo, por se é preciso modificar, aumentar ou eliminar algún obxectivo.

A partir deste momento, procederemos de forma continuada a levar a cabo un **seguemento trimestral** da alumna ou alumno cunha dobre finalidade: por un lado, detectar e poñer remedio ás dificultades que impiden o desenvolvemento das nenas e nenos e, por outro, previr posibles dificultades que poidan xurdir nun futuro.

Na **avaliación final** realizarase un informe que recollerá un resumo da súa evolución en todos os aspectos da linguaxe pasando a formar parte do seu expediente académico. Tamén levaremos a cabo unha autoavaliación do meu traballo, para poder observar se propuxen os obxectivos correctos, se as expectativas sobre o alumnado foron as axeitadas ou se os métodos empregados na intervención foros os máis axeitados.

## 15.- ACCIÓN TITORIAL.

O Plan de Acción Titorial do centro foi aprobado polo consello escolar o 8 de abril de 2014.

## 16.- PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

16.1.- A nivel de centro.

A **participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa** estará condicionada pola realización do Plan Proxecta.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

Realizarase un grupo de traballo cunha liña de traballo de polos creativos dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado relacionado co deseño, elaboración e implentación do Plan Dixital.

16.2.- A nivel persoal.

Solicitáronse distintos cursos na aplicación FProf.

**17.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.**

O plan de autoprotección do centro está recollido no R.R.I. do centro que foi aprobado polo Consello Escolar o 30 de xuño de 1998. O plan de evacuación foi actualizado no NOF aprobado o 21 de maio de 2019. (Pendente actualizar Plan de Autoprotección).

**18.- PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.**

O Proxecto Lingüístico de Centro de foi aprobado o 28 de marzo de 2012 pero foi revisado no curso 2013/2014 (é necesario revisalo no presente curso).

18.1.- Addenda do Proxecto Lingüístico:

Segundo o artigo 14.4. do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o centro elaborará unha enquisa para obter información sobre a lingua materna predominante e determinará actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais. O resultado da mencionada enquisa manifesta que a lingua predominante é a lingua galega.

**19.- PLAN PARA O TRANSPORTE ESCOLAR.**

Dos 60 alumnos que asisten ao centro diariamente, son usuarios do transporte escolar 48, sendo transportados por cinco autobuses/taxis, que realizan cinco itinerarios distintos.

ITINERARIO Nº 1: Cheo, Castro, Ferrío, Carboal, Miñóns, Figueiroa.

ITINERARIO Nº 2: Filgueira, Anseán 1, Brazal, Xestosa, San Crimenso, Santa Uxía.

ITINERARIO Nº 3: Senra, Xerpe, Bustelo, Salgueiros, Cernado.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

ITINERARIO Nº4: Campo de Berdeogas, Pedriña, Vacariza, Farrapa, Boudañeira, Sarteguas, Alvarellos, Caforra.

ITINERARIO Nº 5 (Integrado): Fábrica, Casteliño, Hospital, Hospital 2, Logoso, Logoso 27, A Igrexa/provisional, Casanova 2/provisional, Cerbán 2/provisional.

**20.- PLAN PARA O SERVIZO DO COMEDOR.**

Son usuarios do servizo de comedor 60 alumnos/as, 08 pais/nais (colaboradores), 11 mestres/as e o persoal de cociña (2 persoas).

O persoal laboral de cociña está formado por unha cociñeira, Dna. Irene Blanco Suárez e unha axudante de cociña, Dna. Montserrat Ríos López.

O funcionamento do comedor está a cargo de Dna. Raquel Rodríguez Padín (encargada de comedor) e D. Daniel Mato Neira (director).

O comedor funciona nun turno único, de 14:30 h. a 15:10 h. en setembro e xuño e de 13:20 h. a 14:00 h. de outubro a maio.

As vixilancias son efectuadas por catro nais/pais que comen no comedor.

Organización: entrada e saída no comedor:

Antes da entrada no comedor, o alumnado irá aos baños que teñan designados para primaria e para infantil co fin de que non teñan que facer uso deles no transcurso do tempo que estean no comedor. Nos meses de setembro e xuño deberán de deixar o seu material recollido nas mochilas para a súa posterior saída.

Directamente das aulas, farán a entrada no comedor o alumnado de infantil, e posteriormente o alumnado de primaria comezando por primeiro ata chegar a sexto. Encargaranse do control do alumnado ata a entrada do comedor o profesorado que estea a cargo de cada grupo.

Unha vez que estean dentro, as persoas de vixilancia serán as responsables do alumnado.

Cada alumno/a terá o seu posto asignado, que será o mesmo para todos os días.

Unha vez que todos os comensais estean sentados e en silencio, as persoas de vixilancia indicarán que se pode empezar a comer.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

No momento da saída do comedor, empezaremos polo alumnado de infantil. Un colaborador situarase diante e outro detrás, procurando evitar as carreiras. A continuación, sairán os da etapa de primaria, repetindo o proceso anterior. Non se poderá subir ás aulas e, en caso de que fose necesario, sempre terán que ir acompañados por unha persoa de vixilancia. Deberán de realizar as mesmas tarefas de hixiene de mans que no momento da entrada. Nos meses de setembro e xuño, o alumnado irá ás súas clases para efectuar a saída aos seus fogares, saíndo en primeiro lugar o alumnado de infantil e, posteriormente, o alumnado de primaria comezando por primeiro ata sexto.

En caso de que as condicións meteorolóxicas impidan saír ao patio, o alumnado terá que ir as súas clases. Dúas persoas de vixilancia estarán co alumnado de infantil, e outras dúas encargaranse do alumnado de primaria, vixiando nos corredores e controlando a orde das clases. O alumnado de educación infantil xunto coas persoas de vixilancia poderá facer uso do patio cuberto.

Comensais:

Entrarán, sentaranse e agardarán en silencio a que se indique que se pode empezar a comer.

Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xerra, pero deberá servila sempre a mesma persoa de vixilancia. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc...

Non se poderá saír durante a comida, salvo causa grave e sempre co permiso da persoa encargada da vixilancia. Deberán sempre ir acompañados por algunha das persoas de vixilancia. Os baños da planta baixa unicamente poderán ser utilizados polo alumnado de infantil.

Se os/as comensais necesitan pedir calquera cousa, terán que levantar a man e esperar a que os/as atendan unha persoa de vixilancia.

Deberase comer un pouco de cada prato.

Non xogarán cos alimentos nin cos cubertos non podendo saír con eles do comedor.

Cando se necesite seguir unha dieta, as familias deberán traer un xustificante médico e entregalo á encargada do comedor escolar.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

Persoas de vixilancia do comedor:

As persoas de vixilancia colocaranse nas mesas asignadas. Servirán a comida, seguindo as indicacións do persoal de cociña. Hai que servir os dous pratos e o postre a todo o alumnado. Despois de finalizar o postre e unha vez recollida a mesa, esta limparase cunha baieta, non podendo quedar nada na mesa.

Cada persoa de vixilancia encargarase de que o seu grupo de alumnos/as garde orde.

Vixiarán todo o recinto no que se atopen os/as alumnos/as durante o tempo libre posterior á comida e fomentarán a convivencia e bos hábitos alimentarios dos/as alumnos/as.

Durante os meses de xornada continuada, vixiarán que os/as alumnos/as vaian a recoller as mochilas e saian ordenadamente, acompañando aos/ás alumnos/as de educación infantil ata o portón exterior do recinto escolar.

Se unha persoa encargada da vixilancia non pode asistir ao centro, comunicarallo ao encargado do comedor coa suficiente antelación.

Distribución do comedor:

Segundo a Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na etapa de educación infantil, polo número de alumnos/as, corresponden dúas persoas de vixilancia; na etapa de educación primaria, corresponden dúas persoas de vixilancia.

## 21.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

Para a utilización das instalacións do Centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da inspección educativa.

Para uso ocasional e con carácter excepcional o/a director/a poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

A utilización das instalacións por parte das asociacións de pais, asociacións de antigos alumnos, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só require a solicitude previa ao director cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas no consello escolar, se o seu destino é a finalidade propia de ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións do centro poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia, etc.

## 22.- LIBROS DE TEXTO.

### 22.1.-Educación Primaria.

| **Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024** | | | |
|---|---|---|---|
| **CENTRO:** CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría. | | **CÓDIGO:** 15021810 | |
| **ENDEREZO:** Dumbría s/n. | **CONCELLO:** Dumbría. | **PROVINCIA:** A Coruña. | |
| **CORREO ELECTRÓNICO:** ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.es | | **TELÉFONO:** 881880654-881880655<br>**FAX:** 881880656 | |
| Curso e etapa | Área / materia / ámbito / módulo | Autor (Editorial), título, ano de publicación e ISBN | Lingua da edición |
| 1º Primaria | Lingua | Santillana - 1 PRI Lingua Lectoescritura (1-1) - Ed. 2022 - ISBN: 978-84-9185-399-2 | Galega |
| 1º Primaria | Lingua | Santillana – 1 PRI Lingua Construíndo mundos (1-2) – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-9185-532-3 | Galega |
| 1º Primaria | Naturais | Santillana - 1 PRI Ciencias da Natureza Construíndo mundos - Ed. 2022 - ISBN: 978-84-9185-411-1 | Galega |
| 1º Primaria | Sociais | Santillana - 1 PRI Ciencias Sociais Construíndo mundos - Ed. 2022 - ISBN: 978-84-9185-414-2 | Galega |
| 1º Primaria | Lengua Castellana | Santillana - 1 PRI Lengua Primeros Pasos Pauta Construyendo mundos - Ed. 2022 - ISBN: 978-84-680-7160-2 | Castellana |
| 1º Primaria | Matemáticas | Santillana - 1 PRI Matemáticas Construyendo mundos Mochila Ligera - Ed. 2022 - ISBN: 978-84-680-7131-2 | Castellana |
| 1º Primaria | Relixión | Santillana - Religión Católica 1 PRI Construyendo mundos – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-680-7142-8 | Castellana |
| 2º Primaria | Lingua | Santillana – 2 PRI Lingua Construíndo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-9185-675-7 | Galega |
| 2º Primaria | Naturais | Santillana – 2 PRI Ciencias da Natureza Construíndo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-9185-694-8 | Galega |
| 2º Primaria | Sociais | Santillana – 2 PRI Ciencias Sociais Construíndo mundos – Ed. 2023 – 978-84-9185-696-2 | Galega |
| 2º Primaria | Lengua Castellana | Santillana – 2 PRI Lengua Mochila Ligera Construyendo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-144-0762-2 | Castellana |
| 2º Primaria | Matemáticas | Santillana – 2 PRI Matemáticas Mochila Ligera Construyendo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-144-0763-9 | Castellana |
| 2º Primaria | Relixión | Santillana - Religión Católica Construyendo mundos - Ed. 2023 – ISBN: 978-84-144-0796-7 | Castellana |
| 3º Primaria | Lingua | Santillana – 3 PRI Lingua Construíndo mundos – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-9185-409-8 | Galega |
| 3º Primaria | Ciencias da Natureza | Santillana – 3 PRI Ciencias da Natureza Construíndo mundos – Ed. 2022– ISBN: 978-84-9185-410-4 | Galega |
| 3º Primaria | Ciencias Sociais | Santillana – 3 PRI Ciencias Sociais Construíndo mundos – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-9185-416-6 | Galega |

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 📄 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3º Primaria | Lengua Castellana | Santillana – 3 PRI Lengua Construyendo mundos Mochila Ligera – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-680-7201-2 | Castellana |
| 3º Primaria | Matemáticas | Santillana – 3 PRI Matemáticas Construyendo mundos Mochila Ligera– Ed. 2022 – ISBN: 978-84-680-7136-7 | Castellana |
| 3º Primaria | Religión | Santillana – 3 PRI Religión Católica Construyendo mundos – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-680-7143-5 | Castellana |
| 4º Primaria | Ciencias da Natureza | Santillana – 4 PRI Ciencias da Natureza Construíndo mundos - Ed. 2023 – ISBN: 978-84-9185-692-4 | Galega |
| 4º Primaria | Ciencias Sociais | Santillana – 4 PRI Ciencias Sociais Construíndo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-9185-698-6 | Galega |
| 4º Primaria | Lengua Castellana | Santillana – 4 PRI Lengua Construyendo mundos - Ed. 2023 – ISBN: 978-84-144-0738-7 | Castellana |
| 4º Primaria | Lingua Galega | Santillana – 4 PRI Lingua Construíndo mundos – Ed.2023 – ISBN: 978-84-9185-705-1 | Galega |
| 4º Primaria | Matemáticas | Santillana – 4 PRI Matemáticas Construyendo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-144-0769-1 | Castellana |
| 4º Primaria | Relixión | Santillana – 4 PRI Religión Católica Construyendo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-144-4845-8 | Castellana |
| 5º Primaria | Ciencias da Natureza | Santillana – 5 PRI Ciencias da Natureza Construíndo mundos – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-9185-407-4 | Galega |
| 5º Primaria | Ciencias Sociais | Santillana – 5 PRI Ciencias Sociais Construíndo mundos – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-9185-415-9 | Galega |
| 5º Primaria | Lengua Castellana | Santillana – 5 PRI Lengua Construyendo mundos Mochila Ligera– Ed. 2022 – ISBN: 978-84-680-7200-5 | Castellana |
| 5º Primaria | Lingua Galega | Santillana – 5 PRI Lingua Construíndo mundos – Ed.2022 – ISBN: 978-84-9185-412-8 | Galega |
| 5º Primaria | Matemáticas | Santillana – 5 PRI Matemáticas Construyendo mundos Mochila Ligera – Ed. 2022 – ISBN: 978-84-680-7140-4 | Castellana |
| 5º Primaria | Religión | Santillana – 5 PRI Religión Católica Construyendo mundos– Ed. 2022 – ISBN: 978-84-680-7145-9 | Castellana |
| 6º Primaria | Ciencias da Natureza | Santillana – 6 PRI Ciencias da Natureza Construíndo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-9185-669-6 | Galega |
| 6º Primaria | Ciencias Sociais | Santillana – 6 PRI Ciencias Sociais Construíndo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-9185-693-1 | Galega |
| 6º Primaria | Lengua Castellana | Santillana –6 PRI Lengua Construyendo mundos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-144-0747-9 | Castellana |
| 6º Primaria | Lingua Galega | Santillana – 6 PRI Lingua Construíndo mundos - Ed.2023 – ISBN: 978-84-9185-727-3 | Galega |
| 6º Primaria | Matemáticas | Santillana – 6 PRI Matemáticas 6 Construyendo mundos - Ed. 2023 – ISBN: 978-84-144-0772-1 | Castellana |
| 6º Primaria | Relixión | Santillana – 6 PRI Religión Católica Construyendo mundos - Ed. 2023 - ISBN: 978-84-144-0276-4 | Castellana |
| 6º Primaria | Valores cívicos e éticos | Santillana – 6 PRI Valores cívicos e éticos – Ed. 2023 – ISBN: 978-84-9185-534-7 | Galega |

## 23.-AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN.

Para avaliar a Programación Xeral Anual, estimamos suficiente facer un informe xunto coa memoria de fin de curso.

Valoraremos que a Programación sexa:

- Funcional para a comunidade escolar.
- Eficaz polos resultados.
- Beneficiosa por potenciar o desenvolvemento persoal.
- Aberta a todos, mediante canles de participación.
- Completa, abarcando todos os aspectos educativos.

Dumbría (Santa Baia)
15151 Dumbría (Santa Baia)
☎ 881880654 881880656
ceip.santaeulalia.dumbria@edu.xunta.
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantaeulaliadumbria/

Respecto ao Proxecto de Sección Bilingües, a mestra coordinadora realizará o seguimento e avaliará o proxecto, tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto de áreas:

- A interiorización de contidos non lingüísticos primará sobre os resultados lingüísticos.
- A competencia lingüística no idioma é un valor engadido que debe ser recompensado.
- A falta de fluidez na LE non será penalizada.
- Coordinación semanal do profesorado implicado.
- Seguimento periódico dos obxectivos propostos.

## 24.- ANEXO

D. Daniel Mato Neira, como director do CEIP Santa Eulalia de Dumbría,

CERTIFICO:

- Que segundo se desprende da acta da reunión ordinaria do Claustro de Profesores do Centro, celebrado o 4 de outubro de 2023, este órgano aproba e avalía todos os aspectos educativos incluídos na Programación Xeral Anual.
- Que segundo se desprende da acta da reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrado o 5 de outubro de 2023, este órgano aproba e avalía esta Programación Xeral Anual, sen prexuízo das competencias do Claustro de Profesores, en relación coa planificación e organización docente.

En Dumbría, a 5 de outubro de 2023

O DIRECTOR




Aso.: Daniel Mato Neira